

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OZA-CESURAS

Anuncio relativo ao alleamento por poxa de bens inmobles patrimoniais en Cuiña e Dordaño

ANUNCIO

Alleamento mediante poxa de bens inmobles patrimoniais

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de maio de 2019, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria da poxa para o alleamento dos bens inmobles que logo se relacionan, coa finalidade de para destinalos ao financiamento da aportación municipal da adquisición dun local en planta baixa de inmovible sito na zona urbana de Oza dos Ríos (Oza-Cesuras) para centro social de maiores.

1. Entidade adjudicadora.

Datos xerais e datos para a obtención da información:

- Organismo: Concello de Oza-Cesuras.
- Dependencia que tramita o expediente: Negociado de Contratación.
- Obtención de documentación e información: Casa do Concello de Oza-Cesuras. Sede de Oza. Lugar Lois, 33 - Oza. Tif. 981792000. Fax. 981792025.

Correo electrónico: correo@concellodeozacesuras.es

Enderezo da páxina web: www.concellodeozacesuras.es

2. Obxecto do contrato.

- Tipo: administrativo na preparación e privado nos efectos.
- Descrición do obxecto: Alleamento de bens inmobles mediante poxa.
- Número de fincas: tres

3. Tipo de licitación á alza.

- Finca con referencia catastral: 15026A501005080000MG (finca n.º 508, polígono 501 castastro), sita no paraxe da Xesteira, parroquia de Cutián; Superficie: 2248 m².-6.169,77 €.
- Finca con referencia catastral: 15026A501004910000MO (finca n.º 491, polígono 501 de castastro), sita no paraxe de Souto das Cobas, parroquia de Cutián; Superficie: 310 m².-1.495,94 €.
- Finca con referencia catastral: 15026B504001970000JR (finca n.º 197, polígono 504 de castastro), sita no paraxe de O Cal, parroquia de Dordaño; Superficie: 1103 m².-1.330,60 €.

4. Requisitos específicos dos licitadores.

Os sinalados na cláusula 7 do prego de condicións.

5. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: dentro do prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

b) Modalidade e lugar de presentación. Persoalmente no Rexistro Xeral do Concello, sito na Casa do Concello, Lg. de Lois, 33 (Oza) ou no Rexistro Auxiliar da Sede de Cesuras, Lg. de O Forte, 1 (Bragade) en horario de atención ao público.

Por correo en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6. Apertura das ofertas.

O décimo día hábil tras a finalización do prazo de presentación das ofertas.

7. Modelos de proposición e sobres.

Detállanse no prego de condicións. De requirilo os interesados, facilitaránselle os impresos necesarios no Negociado de Contratación do Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, 22 de maio de 2019.

O alcalde

José Pablo González Cacheiro

2019/4064